



XUNTA
DE GALICIA

Intelixencia Artificial en México

Nota Sectorial



Febreiro - 2025

Esta nota sectorial foi elaborada por:

Laura Louzao Balsa

Baixo a supervisión da Antena Igape México.

Índice xeral

1. Resumen executivo.....	5
2. Cifras clave.....	5
3. Definición xeral da IA.....	7
3.1. Antecedentes históricos e evolución.....	7
3.2. Aplicaciones de la IA en diversos sectores.....	8
4. Análisis de las tendencias en Inteligencia Artificial.....	¡Error! Marcador no definido.
5. Características do mercado galego.....	10
6. Características do mercado mexicano.....	11
6.1. Definición do sector da Inteligencia Artificial.....	11
6.2. Tamaño do mercado da IA en México.....	14
6.3. Oportunidades para a IA en México.....	15
6.3.1. Nearshoring.....	16
6.3.2. Transformación dixital.....	16
6.3.3. Mercado interno.....	16
6.4. Desafíos para a IA en México.....	17
6.4.1. Intensificación da competencia.....	17
6.4.2. Desconfianza nos pagos electrónicos.....	17
6.4.3. Brecha Dixital.....	17
6.4.4. Desafíos éticos.....	18
6.4.5. Desafíos regulatorios.....	18
7. Marco legislativo de la Inteligencia Artificial en México	¡Error! Marcador no definido.
8. Principais actores do ecosistema de IA en México	19
8.1. Institucións gubernamentais e organismos públicos	19
8.1.1. Secretaría de Comunicación y Transporte (SCT).....	19
8.1.2. Secretaría de Economía.....	19
8.1.3. Consejo Nacional de Humanidades, Ciencias y Tecnologías (CONAHCYT)	19
8.1.4. Agencia Digital de Innovación Pública (ADIP) de Ciudad de México	20
8.1.5. Secretaría de Ciencia, Tecnología e Innovación de la Ciudad de México.....	20
8.1.6. Axencia de Transformación Dixital da Cidade de México.....	20
8.1.7. Instituto Nacional de Estadística e Xeografía (INEGI).....	20

8.1.8. Rede Nacional de Consellos e Organismos Estatais de Ciencia e Tecnoloxía (REDNACECYT).....	20
8.2. Institucións gubernamentais e organismos públicos	21
8.2.1. Grupo Bimbo.....	21
8.2.2. Telcel.....	21
8.2.3. Grupo Financiero Banorte.....	21
8.2.4. Liverpool.....	21
8.2.5. Coca - Cola Femsa.....	21
8.2.6. Walmart México.....	21
8.2.7. Cemex.....	22
8.2.8. Nissan México.....	22
8.3. Grandes empresas tecnolóxicas.....	22
8.3.1. Google México.....	22
8.3.2. Microsoft México.....	22
8.3.3. IBM México.....	22
8.3.4. Amazon México.....	22
8.3.5. Open IA	23
8.4. Empresas de IA en México.....	23
8.4.1. KIO Networks	23
8.4.2. Nearsoft.....	23
8.4.3. Degreed.....	23
8.4.4. Bquate.....	23
8.4.5. Brita Intelixencia Artificial.....	23
8.4.6. Empresa XYZ.....	23
8.4.7. Innovatech AI.....	24
8.4.8. VivaWell	24
8.4.9. Synthia	24
8.4.10. H2H.....	24
8.4.11. Xira.ai	24
8.5. Startups de IA.....	24
8.5.1. AILIA	24
8.5.2. Roomie IT	24
8.5.3. Synapbox.....	24
8.5.4. Clara.....	24

8.6.	Outras.....	25
8.6.1.	Instituto Tecnológico Autónomo de México (ITAM).....	25
8.6.2.	Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM).....	25
9.	Empresas españolas en México	25
10.	Eventos.....	25

1. Resumen executivo

O mercado da Intelixencia Artificial (IA) en México está en pleno auxe, impulsado polo investimento en I+D e a crecente adopción da IA en diversos sectores. En 2024 este mercado alcanzou os 3.700 millóns de dólares, prevese que o seu crecemento se acelere a partir de 2025. México consolídase como un actor clave no desenvolvemento e a adopción da IA en Latinoamérica, con máis de 300 empresas dedicadas a esta actividade.

Este crecemento ofrece oportunidades significativas para as empresas galegas. A relocalización de empresas, especialmente de Asia a México (nearshoring), impulsa a demanda de solucións de IA no sector manufactureiro. A acelerada transformación dixital da economía mexicana crea un entorno favorable para a adopción da IA en diversas áreas. Ademais, o gran mercado interno de México, con máis de 130 millóns de habitantes, ofrece amplas oportunidades para as empresas de IA.

Porén, o mercado mexicano tamén presenta desafíos. A intensificación da competencia esixe ás empresas locais investir en innovación. A desconfianza nas transaccións dixitais pode afectar o crecemento do comercio electrónico e a integración da IA. A fenda dixital, especialmente entre zonas urbanas e rurais, limita as oportunidades para o desenvolvemento e a adopción da IA. Tamén existen desafíos éticos e regulatorios que deben abordarse para asegurar un desenvolvemento responsable da IA.

A pesar destes desafíos, o mercado da IA en México ofrece un gran potencial para as empresas galegas. Cunha estratexia adecuada e un enfoque na innovación, as empresas galegas poden aproveitar as oportunidades que ofrece este mercado en crecemento.

2. Cifras clave

O mercado da Intelixencia Artificial en México, en paralelo co resto do mundo, está a experimentar un crecemento explosivo, potenciado en gran medida polas diversas áreas nas que ten presenza e os fortes investimentos en I+D. A nivel global, obsérvase unha tendencia no mercado que se reflicte nun crecemento entre 2020 e 2030 equivalente a un valor de 826.700 millóns de dólares. Prevese, así mesmo, que o seu máximo crecemento se produza a partir de 2025, con aumentos anuais moito maiores.

Dentro de Latinoamérica, México consolídase como un actor clave no desenvolvemento e a adopción da Intelixencia Artificial (IA). En liña co anterior, México encabeza o crecemento das empresas relacionadas coa IA na rexión, con máis de 300 empresas dedicadas a esta actividade. Segundo os últimos datos rexistrados, existen 362 compañías que empregan a un total de 11.000 persoas na industria. Este crecemento concorda co investimento realizado para o seu desenvolvemento, que representa máis de 500 millóns de dólares nos últimos anos estudados. A modo de contexto, Brasil, cuxa economía é maior, só conta con 258 empresas, seguido de Colombia con 112.

De acordo con Statista Market Insights, o valor do mercado de IA en México para o ano 2024 alcanzou os 3.700 millóns de dólares. Para poñer en perspectiva este crecemento, comparámolo con anos anteriores. En 2023, o valor do mercado foi de 2.820 millóns de dólares, un 30% inferior. En 2022, o mercado valorouse en 2.170 millóns de dólares, o que representa un crecemento interanual entre 2022 e 2024 de máis do 70%. Estes datos son fascinantes, considerando que en 2017 Statista valorou o mercado en tan só 690 millóns de dólares. Esta tendencia aliñase co crecemento global da IA. Segundo Statista, México está ben posicionado para afrontar e capitalizar este crecemento, co potencial de converterse en líder no uso desta tecnoloxía.

Porén, este sector atópase nun contexto cambiante e rodeado de desafíos. Un dos maiores retos para o mercado mexicano reflíctese en diferentes índices de preparación para a IA. O Global AI Ethics and Governance Observatory (UNESCO) destaca a crecente preocupación en México polo desenvolvemento ético da IA, especialmente en materia de privacidade, transparencia e equidade. O Cisco 2024 AI Readiness Index mostra que México aínda ten camiño por percorrer, principalmente en canto a regulacións. Este índice avalía catro piares, e México obtén unha puntuación baixa en gobernanza, o que evidencia a necesidade dun marco regulatorio sólido.

En canto ás oportunidades, cabe mencionar a integración de organizacións como a Alianza Nacional de Intelixencia Artificial (ANIA), que busca solucionar os desafíos que leva consigo a IA en diversos ámbitos. Tamén destaca a Proposta de Axenda Nacional de IA 2024-2030 no Senado, que busca fortalecer a presenza da IA mediante un marco legislativo adecuado.

Tabla 1: Axentes económicos como contexto do mercado mexicano.

Indicador	2022	2023	2024	2025
Poboación (millóns de habitantes)	131	130	132	133
Previsión de crecemento do PIB	3.2%	3.9 %	2.2 %	2.5 %
PIB per cápita estimado (USD)	\$13,640	\$11,260	\$15,248	\$15,630
Inflación (%)	5.5 %	7.9 %	5.57 %	4.8 %
Risco país (clima para facer negocios)	B / A4	B / A4	B / A4	B / A4
Tamaño do mercado da IA en México (en millóns de USD)	\$1,840	\$2,820	\$3,700	\$4,810
Posto no ranking de preparación dos gobernos para a IA	∅	∅	68/198	60/198
Investimento en IA por empresas medianas e grandes (en millóns de USD)	\$80	\$90	\$98	\$110
Número de empresas dedicadas á IA	320	362	400	450
Profesionais empregados no sector da IA	9,500	11,000	12,500	14,000
Índice de penetración da IA nas empresas (%)	38	42	46	50

Fonte: FMI, COFACE, El Economista, Oxford Insights, Statista y Endeavor México, Endeavor México y Santander, ANIA, CIDAC y PwC México.

3. Definición xeral da IA

A intelixencia artificial (IA) consiste na creación de diversos tipos de máquinas que son capaces de imitar, dalgún xeito, a intelixencia humana. O concepto mencionado vai relacionado directamente co desenvolvemento de algoritmos e sistemas que posúen a capacidade de realizar diversas tarefas que, doutro xeito, requiren intelixencia humana, tales como a aprendizaxe, a resolución de problemas ou mesmo a toma de decisións.

Son Abeliuk e Gutiérrez (2021) quen a definen como un ámbito onde o fin último é o de replicar ou simular a intelixencia humana e aplicar esta mesma en máquinas de carácter dixital. McCarthy, precursor nesta ciencia, descríbea como “a ciencia e a enxeñaría de facer máquinas intelixentes” (Abeliuk & Gutiérrez, 2021).

Foi no ano 2024 cando a Comisión Europea ofrece unha descrición ou definición similar, cun enfoque máis centrado no software, útil para obter resultados como contidos, predicións ou decisións relevantes e influentes no contorno.

3.1. Antecedentes históricos e evolución

A intelixencia artificial ten as súas raíces no século XIX, como resultado dun conxunto de lóxica, matemáticas e mesmo filosofía. Foi durante este período cando George Boole e Augustus De Morgan consolidaron a álgebra booleana, un concepto clave para o posterior desenvolvemento da IA simbólica e, así mesmo, a programación. Foi neste mesmo período cando Charles Babbage deseñou a Máquina Analítica, o antecesor clave dos ordenadores. Ada Lovelace, ao configurar e programar o algoritmo, anticipou o posible potencial das máquinas para desenvolver outras actividades e ir máis aló.

Durante o século XX viviu o nacemento e, polo tanto, o comezo do estudo da IA como un campo de estudo formal. Podemos definir o ano 1956 como un ano clave debido a que a Conferencia de Dartmouth ten lugar. É neste fito cando científicos e expertos tales como: John McCarthy, Marvin Minsky, Claude Shannon e Nathaniel Rochester definen o, agora, utilizado termo IA. Definindo así as bases para posibles estudos e investigacións.

Un par de anos máis tarde, chegado o ano 1958, Frank Rosenblatt propuxo o perceptrón. Isto consiste nunha rede de neuronas de índole artificial, isto converteuse en clave non só para a Intelixencia Artificial, senón para a IA conexionista. Anos despois, entre os anos 1960 e 1970, desenvolveuse a IA simbólica.

A década de 1980 achegou grandes redescubrimentos sobre o ata agora estudado, o redescubrimento de métodos ata agora estudados, o que impulsou e colaborou en gran medida na aprendizaxe profunda. Isto converteuse nun factor clave para o que hoxe coñecemos como redes neuronais artificiais, as cales son capaces de aprender e xestionar grandes cantidades de datos, abrindo un gran mundo de posibilidades en canto a IA.

Durante finais do século XX, concretamente na década de 1990, o ordenador Deep Blue da recoñecida empresa IBM, venceu a Garry Kaspárov, unha privilexiada mente humana e con recoñecemento mundial en canto a xadrez, converténdose nunha demostración clave para a sociedade do poder e capacidade desta tecnoloxía. Tras isto, durante as décadas de 2010 afianzouse o que hoxe en día coñecemos como aprendizaxe profunda, a tecnoloxía sufriu da democratización, utilizando para isto a tecnoloxía de software de código aberto.

Na actualidade e durante todo o século XXI, a IA continúa e é vítima dunha feroz evolución en diversas áreas, desde robótica ata visión por computadora. É na actualidade e como consecuencia desta democratización cando desafíos éticos se expoñen, sobre todo polo seu impacto en diferentes ámbitos como son a economía e a sociedade.

3.2. Aplicaciones de la IA en diversos sectores.

As economías, así como os principais sectores económicos, están a experimentar unha grande transformación grazas á aplicación da Intelixencia Artificial (IA). A continuación, afondarase nos exemplos de usos máis habituais da IA en cada sector:

Tabla 2: Principais aplicacións da Intelixencia Artificial nos principais sectores da Economía.

Principales sectores	Principales aplicaciones	Cómo
Saúde	Diagnóstico médico	Analizar imaxes médicas, como radiografías e resonancias magnéticas, para detectar enfermidades como o cancro e enfermidades cardíacas con maior precisión
	Descubrimiento de fármacos	Colaborar na aceleración do descubrimento e desenvolvemento de novos medicamentos e fármacos mediante a análise de datos en gran medida e a predición dos mesmos.
	Medicina personalizada	Motivar a personalización de tratamentos médicos utilizando para iso as características individuais dos pacientes.
Finanzas	Detección de fraudes	Detección de operacións de carácter fraudulento en tempo real, mellorando a protección dos consumidores e das institucións financeiras.
	Asesoramento financeiro	Os "robo-advisors" utilizan algoritmos de IA para ofrecer asesoramento financeiro personalizado a investidores.
	Xestión de riscos	Institucións financeiras avalían e miden os riscos utilizando este tipo de intelixencia máis efectiva.

Comercio Minorista	Recomendacións de produtos	Ampliar os sistemas para a recomendación de produtos en liña, enfocándose cara aos clientes por filtros personalizados e de relevancia.
	Análise de clientes	A IA axuda aos minoristas a comprender mellor o comportamento dos clientes e personalizar as súas ofertas para eles.
	Xestión de inventario	Optimización na xestión de inventario, prediciendo a demanda e evitando a escaseza ou o exceso de existencias
Manufactura	Mantemento predictivo	Anticipación ás fallas nos equipos e maquinaria, permitindo un mantemento preventivo e evitando custosas interrupcións.
	Control de Calidade	Como recursos para inspeccionar produtos e detectar defectos con maior precisión que os métodos tradicionais.
	Optimización de la producción	A IA optimiza os procesos de produción, mellorando a eficiencia e reducindo os custos.
Transporte	Vehículos autónomos	Elemento primordial para a creación e desenvolvemento de vehículos autónomos, como coches, camións e drones.
	Xestión de tráfico	A IA optimiza o fluxo do tráfico, reducindo a conxestión e mellorando a seguridade viaria.
	Loxística	Administración nos procesos loxísticos e a cadea de subministración, optimizando as rutas de transporte e a xestión de flotas.
Educación	Aprendizaxe personalizado	Experiencias de aprendizaxe personalizadas, adaptando o contido e o ritmo ás súas necesidades individuais.
	Avaliación automatizada	A IA utilízase para cualificar exames e traballos de forma automatizada, liberando tempo aos profesores.
	Chatbots educativos	Os chatbots impulsados por IA brindan apoio aos estudantes, respondendo preguntas e ofrecendo asistencia.
Agricultura	Monitores de cultivos	A IA analiza imaxes de drones e satélites para monitorizar o estado dos cultivos e detectar problemas como pragas ou enfermidades, podendo así intervir coa maior brevidade posible.
	Monitores de precisión	Administración no uso de recursos como auga e fertilizantes, mellorando a eficiencia e a sustentabilidade.
	Robótica agrícola	Os robots impulsados por IA utilízanse para tarefas como a sementeira, a colleita e o control de malezas.

Sector público	Seguridade cidadá	Análise de videovixilancia, a detección de anomalías e a predición de delitos.
	Xestión de desastres	A IA axuda a predizer con maior brevidade desastres naturais, como inundacións, terremotos e incendios forestais.
	Servizos públicos	Mellora na eficiencia dos servizos públicos, como a xestión de residuos, a subministración de auga e a enerxía.

Fonte: Esteva et al. (2017), Acemoglu & Restrepo (2018), Silver et al. (2016), Voulodimos et al. (2018).

4. Análise das tendencias en Intelixencia Artificial

A presenza da IA veu marcando e desenvolvendo un campo cheo de cambios. Un dos cambios máis representativos que marcou un antes e un despois na historia da IA é o seu uso como inspiración para desenvolvementos científicos, como ocorre con AlphaFold, que foi capaz de entender a estrutura tridimensional de practicamente todas as proteínas coñecidas, preto de 200 millóns.

5. Características do mercado galego

A economía galega experimentou un crecemento sostido nos últimos anos, aínda que con taxas inferiores á media española. En 2023, o PIB de Galicia alcanzou os 68.774 millóns de euros, o que representa un crecemento do 4,1% (Instituto Galego de Estatística, 2024). O sector servizos é o motor principal da economía galega, representando o 63,8% do PIB. Séguenlle o sector industrial cun 22,6%, a construción cun 10% e o sector primario cun 3,6%.

A pesar do crecemento positivo, o PIB per cápita en 2023 foi de 25.518 euros, inferior á media española de 28.134 euros. Isto indica que a riqueza por habitante en Galicia é menor que no conxunto de España.

Os sectores tecnolóxicos e da Intelixencia Artificial (IA) experimentaron un crecemento notable. O Clúster TIC Galicia está composto por máis de 170 empresas do sector TIC, que xeran máis de 16.000 postos de traballo e facturan 2.000 millóns de euros ao ano. Estas empresas especialízanse en áreas como desenvolvemento de software, ciberseguridade, analítica de datos, realidade virtual e IA.

O sector da Intelixencia Artificial (IA) en Galicia está a experimentar un notable crecemento, con empresas que desenvolven solucións innovadoras en áreas como a saúde, a industria 4.0 e o sector agroalimentario. As universidades galegas e centros tecnolóxicos como Gradient e CITIC xogan un papel crucial na investigación e innovación en IA, impulsando o potencial de crecemento do sector.

Galicia destácase por ser pioneira na regulación da IA, coa Lei para o Desenvolvemento e Impulso da Intelixencia Artificial en Galicia. Esta lei, aliñada coa

Estratexia España Dixital 2026 e o marco europeo da Lei de Intelixencia Artificial, busca establecer un contexto legal favorable para o desenvolvemento do sector. A normativa baséase na Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 (EGIA2030) e responde ao crecente uso da IA en diversos ámbitos, tanto públicos como privados. Ademais, atende á petición do Parlamento de Galicia de adaptar a normativa ao próximo Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial.

6. Características do mercado mexicano

O produto interior bruto (PIB) de México experimentou un crecemento nas últimas décadas de maneira sostible, o cal é un claro indicador do crecemento económico do país nas últimas décadas. Por outra banda, cómpre mencionar que este crecemento non está estandarizado en todas as rexións, existen claras desigualdades na distribución da riqueza.

En conclusión, a economía mexicana en 2024 mostrou unha tendencia de crecemento moderado, en liña coa traxectoria observada en anos anteriores. O crecemento do PIB alcanzou un 1,6% no terceiro trimestre, o que indica unha recuperación económica gradual. Segundo Datosmacro (2024), o PIB experimentou un crecemento medio anual do 2,3% nos últimos anos. En 2023, o PIB per cápita alcanzou os 14.380 dólares, un incremento notable desde os 9.400 dólares rexistrados en 2020. O Instituto Nacional de Estatística e Xeografía (INEGI) reportou un crecemento do 1,3% durante o ano 2024.

Este crecemento moderado é resultado de diversos factores, entre os que destacan a apertura comercial, o investimento estranxeiro directo e as reformas estruturais implementadas no país. México consolídase como unha das economías máis fortes de América Latina, cunha tendencia de crecemento para o ano 2025. O FMI mantén unha perspectiva a longo prazo para este ano positiva, estimando así un crecemento do 2,2%. Isto fronte á perspectiva máis pesimista do Banco Mundial, onde se axusta a unha estimación de crecemento do 1,5%, tendo en conta a continua inflación e desaceleración económica que sofre Estados Unidos.

Existen unha serie de factores clave que influirán na economía de México para o ano 2025, entre os cales atopamos a inflación, o control e evolución desta será clave para poder manter o crecemento e a estabilidade económica do país. Tanto actividades como o investimento estranxeiro directo, o investimento nacional e o desempeño do comercio exterior serán claves nos resultados económicos deste ano 2025. A estabilidade macroeconómica e o aumento de oportunidades de negocio en nichos de mercado como a manufactura e as novas tecnoloxías posúen gran potencial para a atracción de novas empresas e, polo tanto, de investimentos.

6.1. Definición do sector da Intelixencia Artificial

A intelixencia artificial é unha parte da informática que se especializa na elaboración de maquinaria capaz de realizar tarefas que, previamente, necesitaban de intelixencia humana. Cando definimos o mercado da IA, falamos dunha grande variedade de aplicacións, tales como os vehículos autónomos. Cando falamos do sector da

Intelixencia Artificial, non debemos esquecer mencionar que este inclúe software, hardware e servizos que permiten ás organizacións desenvolver e implementar aplicacións de IA.

Tabla 3: Estruturación do mercado da Intelixencia Artificial.

Estructura del mercado		
Robótica con IA	Robótica de servizos de intelixencia artificial	"Robots intelixentes deseñados para axudar aos humanos. Utilizan a IA para comprender as necesidades dos usuarios e realizar tarefas de forma autónoma."
	Robótica de servizos de intelixencia artificial	"Integración de tecnoloxías e capacidades de intelixencia artificial en robots industriais para mellorar a automatización e a toma de decisións intelixente nos procesos industriais e de fabricación."
Tecnoloxía autónoma e de sensores	"A tecnoloxía autónoma e de sensores refírese á combinación de sistemas e dispositivos avanzados que permiten que as máquinas e os vehículos operen e tomen decisións de maneira independente e sen intervención humana. A tecnoloxía autónoma abarca as áreas de percepción, toma de decisións e sistemas de control que permiten que as máquinas naveguen, interactúen e respondan de maneira autónoma ao seu contorno."	
Visión por computadora	Recoñecemento de voz	"Céntrase en converter a linguaxe falada en texto escrito ou comandos. Implica o uso de algoritmos e modelos de aprendizaxe automática para analizar e interpretar sinais de audio, recoñecer e transcribir as palabras faladas en forma de texto."
	Recoñecemento de imaxes	"O recoñecemento de imaxes, como parte da visión artificial, refírese á tecnoloxía que permite ás máquinas analizar e comprender datos visuais, como imaxes ou fotogramas de vídeo."
	Recoñecemento facial	"O recoñecemento facial, como parte da visión artificial, é unha tecnoloxía que implica a identificación e verificación de individuos mediante a análise e a comparación de trazos faciais únicos."
IA xerativa	"A intelixencia artificial xerativa (IA) é un campo da intelixencia artificial que se centra na creación de modelos e sistemas capaces de xerar novos contidos, como imaxes, vídeos, música ou texto."	
Aprendizaxe automático	"A aprendizaxe automática é unha rama da intelixencia artificial que implica o uso de algoritmos e modelos estatísticos para permitir que os sistemas informáticos aprendan dos datos e melloren o seu rendemento nunha tarefa."	
Procesamento da linguaxe natural	PLN baseada en texto	"O mercado de procesamento da linguaxe natural (PLN) baseado en texto abarca ferramentas que procesan e analizan a

		linguaxe humana en forma de texto, que inclúen ferramentas de clasificación de texto, análise de sentimentos e tradución de idiomas."
	PLN baseada na fala	"O mercado de procesamento da linguaxe natural (PLN) baseado na fala abarca aplicacións que interpretan e comprenden a linguaxe falada e inclúe sistemas que poden transcribir, traducir e analizar palabras e frases faladas co obxectivo de mellorar a comunicación entre humanos e máquinas."
	Tradución de idiomas PLN	"O mercado do procesamento da linguaxe natural (PLN) para a tradución de idiomas abarca as aplicacións que transmiten o significado ou o contido dun texto dun idioma a outro e inclúe sistemas que poden comprender os matices de diferentes idiomas e traducilos con precisión a outros idiomas."

Fonte: Statista. (2024). Artificial Intelligence (AI) in Mexico - Statistics & Facts. Statista.

6.2. Tamaño do mercado da IA en México

Táboa 4: Datos económicos sobre a evolución da IA en México

	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029
Produto interior bruto en prezos correntes (miles de millóns de dólares estadounidenses)	1.463,32	1.788,82	1.788,82	1.817,82	1.905,28	1.994,12	1.994,12	2.176,05
Datos totais cambio no tamaño do mercado (%)	-39,68	10,08	35,82	32,70	31,53	29,92	27,39	26,19
Robótica con IA	14,84	79,61	39,66	35,77	31,39	26,73	22,02	19,82
Tecnoloxía autónoma e de sensores	-45,25	17,36	26,16	19,61	15,55	12,80	10,82	11,52
Visión por computadora	16,62	13,48	11,27	9,63	8,38	9,53	10,77	28,90
Aprendizaxe automático	-46,95	-20,61	55,92	42,65	41,27	38,73	34,74	31,91
Procesamento da linguaxe natural	-15,27	76,72	21,15	32,65	31,14	28,91	25,86	24,52
Tamaño total do mercado (miles de millóns de USD)	1,86	2,04	2,78	3,68	4,85	6,30	8,02	10,12
Robótica con IA	0,08	0,15	0,21	0,29	0,38	0,48	0,59	0,70
Tecnoloxía autónoma e de sensores	0,26	0,31	0,39	0,47	0,54	0,61	0,68	0,75
Visión por computadora	0,26	0,34	0,40	0,45	0,50	0,55	0,59	0,65
Aprendizaxe automático	1,85	0,98	0,78	1,22	1,74	2,45	3,40	4,58
Procesamento da linguaxe natural	0,26	0,46	0,56	0,74	0,97	1,25	1,58	1,96
Impacto do mercado da IA no PIB (%)	0,75	0,87	1,29	2,12	3,29	4,54	5,60	6,32

Fonte: Statista. (2024)

Para falar da relación do PIB e a súa relación coa IA, apoiarémonos nos datos observados na táboa superior. O PIB en prezos correntes mostra un crecemento constante, o cal é sinónimo dunha economía en expansión. Este é un factor clave para a adopción da IA, xa que tanto as empresas como o goberno teñen máis recursos que poder destinar e investir en novas tecnoloxías. Isto adoita ir da man tamén dun investimento en hardware, software e servizos relacionados coa IA. O feito de que o impacto da IA en México mostre unha tendencia crecente, pasando dun 0,75% en 2022 a un 6,32% estimado para 2029, dá-nos a entender e confirma o progresivo aumento na relevancia da IA e no desenvolvemento económico de México.

O crecemento tamén é claramente observable no tamaño do mercado valorado en miles de millóns de dólares estadounidenses, onde o crecemento é exponencial. O investimento é valorado no ano 2022 en 1,86 miles de millóns de dólares, pasando a ser estimado cun valor de practicamente o dobre no ano 2026 e ata chegar a alcanzar potencialmente un valor de 10,12 miles de millóns de dólares no ano 2029. Nestes datos observamos o potencial da industria, así como a enorme diversidade de aplicacións da mesma.

Dentro das diferentes áreas dentro da Intelixencia Artificial, destaca a "Aprendizaxe automática", seguido dos datos do "procesamento da linguaxe natural". Suxiríndonos así que o investimento maioritario por parte das empresas mexicanas se centran na automatización de tarefas, análise de datos e a mellora na interacción cos clientes.

